



PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN DO VIII CONGRESO NACIONAL “FACENDO UN PAÍS PARA TOD@S”.

O PARTIDO NACIONALISTA GALEGO- PARTIDO GALEGUISTA COMO PARTIDO SOBERANO :

- RECOÑECE A NECESIDADE DE AFORTALAR OS PRINCIPIOS E VALORES DEMOCRÁTICOS PARA O QUE, ENTRE OUTRAS ACCIONS, CÓMPRE ESTREITAR AS RELACIÓNS ENTRE A CIDADANÍA E OS SEUS REPRESENTANTES, PARA O DE DEBERÁN ELIMINARSE TANTO AS LISTAS PECHADAS NA ELECCIÓN ÁS INSTITUCIÓNS DE REPRESENTACIÓN CIDADÁ ASÍ COMO IMPULSAR A REDUCIÓN DA BARREIRA DO 5% QUE LIMITA O ACCESO AO PARLAMENTO GALEGO.
- DEFENDE ENCETAR UN PROCESO DE REXENERACIÓN ÉTICA NA ACTIVIDADE POLÍTICA O QUE NECESARIAMENTE PASA POR INCREMENTAR A TRANSPARENCIA TANTO DA XESTIÓN, COMO DA PROPIA ACTIVIDADE DAS PERSOAS QUE A EXERCEN, ASÍ COMO POR UN MAIOR RIGOR NA ASUNCIÓN DE RESPONSABILIDADES POLÍTICAS, DE TAL XEITO QUE O PROCESAMENTO DUN REPRESENTANTE PÚBLICO IMPLIQUE E INMEDIATA SUSPENSIÓN DAS SÚAS FUNCIÓNS INSTITUCIONAIS OU ORGÁNICAS.
- RECOLLENDO A HERDANZA DO GALEGUISMO E O NACIONALISMO DECLÁRASE EUROPEISTA E COMPROMÉTESE NA CONSTRUCCIÓN DUNHA UNIÓN EUROPEA DOS POBOS E DAS PERSOAS.
- AFIRMA A NECESIDADE DE AMPLIAR A BASE DO NACIONALISMO E DO GALEGUISMO SUMANDO A ESTE MOVEMENTO A TODOS OS GALEGOS DE BEN - COMO DECIÁN OS VELLAS GALEGUISTAS- COMO MEDIO PARA INCREMENTAR O NOSO AUTOGOBERNO, CONQUERIR UN ESTATUTO DE PRIMEIRA E DESTE XEITO POÑER FREO AO PROCESO DE RECENTRALIZACIÓN POLÍTICA E DE HOMEXEINIZACIÓN CULTURAL E LINGÜÍSTICA QUE ESTA A SOFRIR GALICIA.
- MANIFESTA O SEU COMPROMISO DE APOIO AS CANDIDATURAS NACIONALISTAS DO BNG NO VINDEIRO PROCESO ELEITORAL QUE ENTENDEMOS ESENCIAL PARA O NOSO PAÍS.



- APOSTA POR UNHA POLÍTICA PARA AS PERSOAS NO QUE A PROTECCIÓN SOCIAL, A IGUALDADE E A INICIATIVA ECONÓMICA CONVIVAN HARMÓNICAMENTE PARA O DESENVOLVEMENTO SOSTÍBEL DO NOSO PAÍS.

- REAFIRMA O SEU COMPROMISO COA ORDENACIÓN RACIONAL DO TERRITORIO, A PROTECCIÓN DO NOSO PATRIMONIO NATURAL E CULTURAL, COMPATÍBEL COA EXPLOTACIÓN RACIONAL DOS NOSOS RECURSOS, E O DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO DE GALICIA.

- MANIFESTA O COMPROMISO COA MOCIDADE GALEGA, QUE ATOPÁNDOSE MOI PREPARADA, MERECE QUE AS INICIATIVAS ECONÓMICAS NA NOSA TERRA LLE FACILITEN O ACCESO A UN EMPREGO DE CALIDADE E QUE OS VALORES DO ESFORZO E DA COMPETENCIA SE CONVIRTAN EN SIÑAIS DE IDENTIDADE DA SOCIEDADE GALEGA .

Ourense, 25 de setembro de 2011.